

PLA  
PLA

TA  
TA

**Festival de artes  
performativas**

FOR  
FOR

MA  
MA

**plataforma.gal**

# Localizacións



gal.

*Plataforma. Festival de artes performativas* naceu cunha vocación e un obxectivo que continúan na actualidade: o enriquecemento da potencia cultural de Santiago de Compostela. Nesta cuarta edición chega a ser un dos festivais de referencia na cidade: unha cita cultural indeclinable para as primeiras semanas de xuño.

Non é doado etiquetar *Plataforma*, xa que se trata dun proxecto de carácter transversal que, baixo o fío da performatividade, trata de tender pontes entre artes visuais e artes vivas, a música, a arquitectura ou a poesía e outras disciplinas artísticas, traballando en rede e programando accións performativas que están na liña de acción doutras institucións públicas ou privadas: o Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC), a Fundación DIDAC, a Fundación Eugenio Granell, ou a sede da SGAE, Sociedade Xeral de Autores e Editores. Esta complicidade permite presentar iniciativas que, pola súa natureza experimental e híbrida, non adoitan ter cabida nos programas dos museos ou nas programacións estables do ámbito cultural. Deste xeito, foméntase a colaboración entre artistas de diferentes disciplinas, creando conexións creativas interesantes e cruzando públicos diversos.

*Plataforma* bríndase á cidade e quere ser patrimonio da mesma, proxectando o talento local, contextualizándoo e destacando a riqueza monumental compostelá. Así, as diferentes localizacións axudan a coñecer os distintos espazos urbanos: marcos

cast.

*Plataforma. Festival de artes performativas* nació con una vocación y un objetivo que continúa siendo el mismo: enriquecer la potencia cultural de Santiago de Compostela. En su cuarta edición, se ha convertido ya en uno de los festivales de referencia de la ciudad y una cita cultural imprescindible para las primeras semanas de junio.

*Plataforma* no es un evento fácil de etiquetar, ya que se trata de un proyecto de carácter transversal que, bajo el hilo de la performatividad, quiere tender puentes entre las artes visuales y las artes vivas, la música, la arquitectura, la poesía y otras disciplinas artísticas, trabajando en red y programando acciones performativas que están en la línea de acción de otras instituciones públicas o privadas: el Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC), la Fundación DIDAC, la Fundación Granell, o la sede de la SGAE, Sociedade Xeral de Autores e Editores. Esa complicidade permite presentar iniciativas que, por su carácter experimental e híbrido, habitualmente no tienen espacio en las programaciones museísticas o en las programaciones estables de ámbito cultural, fomentando en muchos casos la colaboración entre artistas de diferentes disciplinas, lo que favorece el cruce de públicos diversos e interesantes conexiones creativas.

*Plataforma* se brinda a la ciudad y quiere ser patrimonio de esta, proyectando el talento local, contextualizándolo y buscando siempre potenciar y realzar la riqueza monumental compostelana. De ahí que las diferentes localizaciones ayuden a conocer distintos espacios urbanos:

gal.

paradigmáticos como a Praza do Obradoiro, a de Praterías, a Quintana, San Martiño Pinario ou a Igrexa da Universidade, parques como Belvís, San Domingos de Bonaval, ou mesmo as propias rúas da cidade. A isto, súmanse as accións performativas concibidas para a colaboración con agrupacións locais, como é o caso da xa habitual apertura do festival coa Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela, que nesta cuarta edición actuará da man de Antón Reixa.

O festival *Plataforma* comprométese coa riqueza patrimonial de Compostela, mais tamén coa súa diversidade e co fomento da igualdade e mantén unha preocupación pola sustentabilidade das súas propostas e pola promoción do talento local. Baixo a dirección da Cooperativa Performa, pretende traballar en complicidade co maior número de axentes, institucións e espazos no referente cultural que é a cidade de Compostela. Deste modo, o festival encaixa na rica programación cultural da cidade pola súa transversalidade, pola descentralización das súas localizacións, pola súa escala, pola súa programación pensada para espazos singulares e pola súa accesibilidade.

As accións performativas e escénicas permiten transformar Santiago de Compostela en escenario, convertendo a cidade e os seus habitantes nos protagonistas de cada actividade. As artes vivas, polo seu carácter integrador e participativo, pola súa ineludible contemporaneidade e pola súa capacidade de provocar a vivencia directa da creación no aquí e agora,

cast.

marcos paradigmáticos como la Plaza del Obradoiro, la de Platerías, la de la Quintana, San Martín Pinario o la Iglesia de la Universidad, parques como Belvís, Santo Domingo de Bonaval, o las propias calles de la ciudad. A todo ello, se suman acciones performativas pensadas en colaboración con agrupaciones locales, como es el caso de la ya habitual apertura del festival con la Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela que, en esta cuarta edición actuará en colaboración con Antón Reixa.

El festival *Plataforma* se compromete no solo con la riqueza patrimonial de Compostela, sino también con su diversidad y con su fomento de la igualdad y mantiene una preocupación por la sostenibilidad de sus propuestas y por la promoción del talento local. Dirigido por Cooperativa Performa, la intención es siempre la de trabajar en complicidad con el mayor número de agentes, instituciones y espacios posibles de una ciudad referente cultural como Santiago de Compostela. En este sentido, el festival encaja en la rica programación cultural de la ciudad por su transversalidad, por la descentralización de sus localizaciones, por su escala, por su programación pensada para espacios singulares y por su accesibilidad.

Las acciones performativas y escénicas permiten transformar Santiago de Compostela en escenario, haciendo protagonista especial de cada propuesta a la ciudad y sus habitantes. Las artes vivas, por su carácter integrador y participativo, y por su ineludible contemporaneidad y capacidad de provocar la vivencia directa de la creación

gal.

son a canle idónea para comunicar a idea de cidade moderna, de territorio vivo, humano e saudable, que avanza cara o futuro pensando no fomento de valores como a igualdade, a integración social, a saúde, a educación en convivencia, a sustentabilidade, a ecoloxía e o respecto polo patrimonio, potenciando a cultura como eixo transversal que atravesada todos e cada un dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable polos que aposta a Axenda 2030. *Plataforma* é un festival inclusivo que fomenta a colaboración entre artistas de diversas disciplinas e condicións, que promove o cruce de públicos diversos e interesantes conexións creativas.

*Plataforma. Festival de artes performativas* reuniu ao longo das súas edicións *performances*, música, danza, teatro, poesía, conferencias performativas, deseño e arte contemporánea en exposicións e accións capaces de unir o talento galego con profesionais de gran recoñecemento internacional. Con estreos absolutos de pezas de artistas, *performances* creadas especificamente para o festival ou accións poético-musicais inéditas, *Plataforma* situouse como unha recoñecida e valorada referencia no seu campo dentro do contexto ibérico.

**David Barro, Mónica Maneiro e Iñaki Martínez Antelo**

Dirección de *Plataforma*.  
Festival de artes performativas

cast.

en el aquí y el ahora, son el canal perfecto para comunicar una idea de ciudad moderna, una idea de territorio vivo, humano y saludable, que avanza hacia el futuro pensando en fomentar valores como la igualdad, la integración social, la salud, la educación en convivencia, la sostenibilidad, la ecología y el respeto por el patrimonio, potenciando la cultura como un eje transversal que atraviesa todos y cada uno de los Objetivos de Desarrollo Sostenible por los que apuesta la Agenda 2030. *Plataforma* es un festival inclusivo que fomenta la colaboración entre artistas de diversas disciplinas y condiciones, lo que favorece el cruce de públicos diversos e interesantes conexiones creativas.

*Plataforma. Festival de artes performativas* ha reunido en sus diferentes ediciones *performances*, música, danza, teatro, poesía, conferencias performativas, diseño y arte contemporáneo en exposiciones y acciones capaces de unir el talento gallego con profesionales de gran reconocimiento internacional. Con estrenos absolutos de piezas de artistas, *performances* creadas específicamente para el festival o acciones poético-musicales inéditas, *Plataforma* se ha situado como una reconocida y valorada referencia en su campo en el contexto ibérico.

**David Barro, Mónica Maneiro e Iñaki Martínez Antelo**

Dirección de *Plataforma*.  
Festival de artes performativas



**PLA**



**FOR**



**MA**



**TA**



**2020**



PLA



FOR



MA



TA



2021



**FOR**



**PLA**



**MA**



**TA**



**2022**

# Mery Pais

**LUNS 05/06/2023**

**19.00\_Praza da Quintana**

**Lei Eterna**

*Performance*

Duración: 30 min

**Entrada libre**

**gal.**

*Lei Eterna* é o título dunha acción no medio urbano, unha intervención sonora e colaborativa.

*Lei Eterna* trata sobre a relixión, a relixiosidade e as crenzas de iguais e de contrarios. Con esta peza preténdese unificar e separar opinións nun acto artístico. Entrelazar culturas, por medio das chamadas ás súas oracións, transcender a realidade mediante un achegamento.

A acción terá lugar na Praza da Quintana invadindo este espazo sagrado, único e propio, converténdoo nun espazo compartido, por medio do audio e a participación activa de *performers* e buscando simular un templo multicultural e interrelixioso.

**cast.**

*Ley Eterna* es el título de una acción en el medio urbano, una intervención sonora y colaborativa.

*Ley Eterna* trata sobre la religión, la religiosidad y las creencias de iguales y de contrarios. Con esta pieza se pretende unificar y separar opiniones en un acto artístico. Entrelazar culturas por medio de las llamadas a sus oraciones, transcender la realidad mediante un acercamiento.

La acción tendrá lugar en la Plaza de la Quintana invadindo este espacio sagrado, único y propio, convirtiéndolo en un espacio compartido, por medio del audio y la participación activa de *performers* y buscando simular un templo multicultural e interreligioso.

PLA

TA



# Antón Reixa



**XOVES 08/06**

**20.00\_Praza do Obradoiro**  
**Un só familiar por paciente**  
**(e non viceversa)**

*Performance*

Antón Reixa e a Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela dirixida por Casiano Mouriño

Duración: 30 min

**Entrada libre**

**gal.**

Nesta *performance* propoñemos unha visita guiada ficticia. Aínda que simplificando, podemos asumir que o Camiño de Santiago é unha micro-metáfora da vida. Nesa ruta, hai uns espazos inevitables: cárcere, banco, tanatorio, hospital. Máis che vale non entrar en ningún porque, se saes, será peor que ben. Algún é inevitable, o tanatorio. Na nosa ruta ficticia, todos eses espazos.

**cast.**

En esta *performance* proponemos una visita ficticia. Aunque simplificando, podemos asumir que el Camino de Santiago es una micro-metáfora de la vida. En esa ruta, hay unos espacios inevitables: cárcel, banco, tanatorio, hospital. Más te vale no entrar en ninguno porque, si sales, será peor que bien. Alguno es inevitable, el tanatorio. En nuestra ruta ficticia, todos esos espacios.

PLA

TA

# Banda Municipal de Música

de Santiago de Compostela



**gal.**

Dice Antón: «Cando me dan de alta nun hospital, alégrome, pero axiña me envolve a certeza de que estatisticamente volverei entrar nese hospital ou en calquera outro. Un hospital é un mundo con regras propias. No último que visitei, nas portas de todos os cuartos había unha nota imperativa de “un só familiar por paciente”. E se un non ten familia? E se a familia ou o paciente son “impacientes”?»

Ao final, o noso grupo de peregrinación chega a un espazo liberado: o da creación artística.

**cast.**

Dice Antón: «Cuando me dan de alta en un hospital, me alegro, pero pronto me envuelve la certeza de que estadísticamente volveré a entrar en ese hospital o en cualquier otro. Un hospital es un mundo con reglas propias. En el último que visité, en las puertas de todos los cuartos había una nota imperativa de “solo un familiar por paciente”. ¿Y si uno no tiene familia? ¿Y si la familia o el paciente son “impacientes”?»

Al final, nuestro grupo de peregrinación llega a un espacio liberado: el de la creación artística.



# Ana Gesto

gal.

A artista de *performance* compostelá Ana Gesto impartirá un taller teórico-práctico que desenvolverá as ideas de:

Tempo-Espazo-Presenza  
Idea-Materia-Contexto-Proceso-Partitura

O corpo en acción actuará no espazo público da cidade, intervindo no cotián e mostrando outras capas de realidade. O taller culminará nunha mostra pública dos resultados dentro do programa de *Plataforma. Festival de artes performativas*.

A selección de propostas está aberta ata o 20 de maio, con prazas de acceso ao curso ofrecidas polo festival *Plataforma*, a través dunha carta de motivación dirixida a [info@performa.gal](mailto:info@performa.gal)

A tarde do domingo 11 estará dedicada a mostrar o resultado do taller de Ana Gesto *Corpo en acción*.

As persoas que asistan ao taller realizarán diversas *performances* nas rúas da cidade nas que mostrarán o aprendido e traballado coa artista Ana Gesto durante os días previos.

Información de horarios e lugares das *performances* nas redes do festival e na páxina web [plataforma.gal](http://plataforma.gal)

cast.

La artista de *performance* compostelana Ana Gesto impartirá un taller teórico-práctico que desarrollará las ideas de:

Tiempo-Espacio-Presencia  
Idea-Materia-Contexto-Proceso-Partitura

El cuerpo en acción actuará en el espacio público de la ciudad, interviniendo en lo cotidiano y mostrando otras capas de la realidad. El taller culminará en una muestra pública de los resultados dentro del programa de *Plataforma. Festival de artes performativas*.

La selección de propuestas está abierta hasta el 20 de mayo, con plazas de acceso al curso becas por el festival *Plataforma*, a través de una carta de motivación dirixida a [info@performa.gal](mailto:info@performa.gal)

La tarde del domingo 11 estará dedicada a mostrar el resultado del taller de Ana Gesto *Cuerpo en acción*.

Las personas que asistan al taller realizarán diversas *performances* en las calles de la ciudad en los que mostrarán lo aprendido y trabajado con la artista Ana Gesto durante los días previos.

Información de horarios y lugares de las *performances* en las redes del festival y en la página web [plataforma.gal](http://plataforma.gal)

PLA

TA

MÉRCORES 07 - VENRES 09/06

10.30\_Centro Sociocultural  
de Santa Marta

*Corpo en acción*

Taller de *performance*


Duración: 3 clases de 3 h

Número de prazas: 10

DOMINGO 11/06

Mostra pública de resultados  
cos alumnos do taller

Entrada libre



# Federico Vladimir



gal.

Mónica é o nome das nosas nais. Esta coincidencia fascinounos dende que comezamos a nosa relación: dúas Mónicas, ambas nadas en Arxentina nos anos cincuenta, fillas de refuxiados de guerra europeos. Ambas loiras e cunha fermosa melena rizada.

Mónica Lilienfeld era pintora e morreu moi nova, en 1986. Mónica Pezdirc posou espida durante toda a súa vida nas fotografías eróticas que lle facía o seu home. As imaxes creadas polas nosas dúas nais serán o punto de partida do primeiro episodio desta telenovela especulativa chamada *Mónica*.

cast.

Mónica es el nombre de nuestras dos madres. Esta coincidencia nos ha fascinado desde que iniciamos nuestra relación: ambas nadas en Arxentina en los años cincuenta, hijas de refuxiados de guerra europeos. Ambas rubias y con una hermosa melena rizada.

Mónica Lilienfeld era pintora y murió muy joven, en 1986. Mónica Pezdirc ha posado desnuda durante toda su vida en las fotografías eróticas que le ha hecho su marido. Las imaxes creadas por nuestras dos madres serán el punto de partida del primeiro episodio de esta telenovela especulativa llamada *Mónica*.

PLA

TA

# e Pablo Lilienfeld

**XOVES 08/06**  
**VERNES 09/06**

**17.30\_ Fundación Eugenio Granell**  
***Mónica Episodio 1: Déixena soa***

Performance

Duración: 60 min

**Entrada libre ata completar aforo**

gal.

A modo de visita guiada, miraremos as súas imaxes como seres autónomos e maternantes. Con *Mónica Episodio 1* trataremos de subverter a xenealoxía lineal e teleolóxica de maneira que o maternal e as relacións horizontais non heteronormativas sexan tan importantes como a verticalidade patrilineal. Formarase así unha xenealoxía tentacular de maternidades non hexemónicas na que coexistirán non só a épica das guerras, as migracións e outras narrativas patriarcais-historicistas, senón tamén as que foron quedando fóra: pantasma, amantes, virus, xestos, animais non humanos, cancións, monstros e máis.

cast.

A modo de visita guiada, miraremos sus imaxes como seres autónomos y maternantes. Con *Mónica Episodio 1* trataremos de subvertir la genealoxía lineal y teleolóxica de maneira que lo maternal y las relaciones horizontales no heteronormativas sean tan importantes como la verticalidade patrilineal. Se formará así una genealoxía tentacular de maternidades no hegemónicas en la que coexistirán non solo la épica de las guerras, las migraciones y otras narrativas patriarcales-historicistas, sino también las que han quedado fuera: fantasmas, amantes, virus, gestos, animales no humanos, canciones, monstruos y más.

# Françoise Vanneraud

PLA

TA



**VENRES 09/06**

**19.00 a 21.00\_Fundación DIDAC**

Inauguración da exposición

***Nin principio nin fin***

10/06–17/09

MARTES–VENRES: 10.00–14.00

/ 16.00–19.00

SÁBADO: PREVIA CITA

**DOMINGO 11/06**

**11.30 a 13.00\_Fundación DIDAC**

**Taller para nenos/os  
con Alba Cacheda**

Idade: de 7 a 10 anos

Duración: 1 h 30 min

**Entrada gratis previa inscrición  
en [info@performa.gal](mailto:info@performa.gal)**

**gal.**

Françoise Vanneraud é unha artista francesa que traballa o tempo e a paisaxe como territorio e como narrativa histórica, como memoria, a través da fotografía, o debuxo, a pintura e a instalación con vocación performativa. A exposición *Nin principio nin fin, unha paisaxe á deriva* é un proxecto dunha paisaxe que contén outras paisaxes que a artista acumula e rexistra durante as súas viaxes. Neste caso o punto de partida é unha enorme instalación de fragmentos montañosos —Atlas, Alpes, Cordilleira dos Andes...— que se deslizan na súa pintura, da cal se desprende o xeo, que acaba converténdose nun arquipélago de icebergs que se expande polo chan nunha sorte de cadro dentro do cadro, con forma de paisaxe que se descompón para lembrarnos a fragilidade da nosa contorna e como a nosa actitude ou implicación é clave para a súa preservación ou destrución. Este territorio quebradizo lévanos ao sentido de deriva como maneira alternativa de ver e habitar a realidade, na que para atopar algo resulta preciso perderse.

Tomando como punto de partida a exposición *Nin principio nin fin*, de Françoise Vanneraud, realizaremos unha actividade que nos invitará a pensar na paisaxe e as relación entre os seres vivos vexetais e animais que a habitamos.

Desenvolveremos diversas accións que activarán a memoria, a observación e a imaxinación. A través delas, comporemos unha instalación colectiva na que reflexionaremos sobre os nosos vínculos co territorio.

**cast.**

Françoise Vanneraud es una artista francesa que trabaja el tiempo y el paisaje como territorio y como narrativa histórica, como memoria, a través de la fotografía, el dibujo, la pintura y la instalación con vocación performativa. La exposición *Ni principio ni fin, un paisaje a la deriva* es un proyecto de un paisaje que contiene otros paisajes que la artista acumula y registra durante sus viajes. En este caso el punto de partida es una enorme instalación de fragmentos montañosos —Atlas, Alpes, Cordillera de los Andes...— que se deslizan en su pintura, de la cual se desprende el hielo, que acaba convirtiéndose en un archipiélago de icebergs que se expande por el suelo en una suerte de cuadro dentro del cuadro, con forma de paisaje que se descompone para recordarnos la fragilidad de nuestro alrededor y cómo nuestra actitud o implicación es clave para su preservación o destrucción. Este territorio quebradizo nos lleva al sentido de deriva como manera alternativa de ver y habitar la realidad, en la que para encontrar algo resulta necesario perderse.

Tomando como punto de partida la exposición *Ni principio ni fin*, de Françoise Vanneraud, realizaremos una actividad que nos invitará a pensar en el paisaje y las relaciones entre los seres vivos vegetales y animales que lo habitamos.

Desarrollaremos diversas acciones, que activarán la memoria, la observación y la imaginación. A través de ellas, compondremos una instalación colectiva en la que reflexionaremos sobre nuestros vínculos con el territorio.

# Verónica Ruth Frías

PLA



SÁBADO 10/06

18.00\_Cruceiro  
de San Pedro

**Womenhouse**

Performance

Duración: 25 min

Entrada libre

TA

gal.

Ao longo da historia da arte as mulleres foron expulsadas sistematicamente dos libros; isto creou, durante moitísimo tempo, unha visión androcéntrica da arte que borrou a moitas que merecen un lugar destacado nas nosas consciencias artísticas.

A sociedade cambia, pero a un ritmo moitas veces inapreciable, e neste camiño, houbo artistas e intelectuais que se enfrontaron ao establecido e perpetuado durante séculos e foron abrindo camiños que outras continuaron.

*Womenhouse* é unha *performance* de aparencia deliberadamente precaria que, dentro dun proxecto máis extenso que inclúe fotografía e escultura, interpela sobre os espazos íntimos de protección e de resistencia. Un lugar físico e mental preservado polos pensamentos daquelas pioneiras da loita feminista que escribiron os libros que protagonizan a acción. Unhas publicacións que constrúen, ao redor da cabeza da artista, unha zona de angustiosa defensa provocada pola seguridade que nos conceden as ideas que conteñen eses libros e a responsabilidade, para unha creadora posicionada como ela, de estar á altura de todas esas reivindicacións que a precederon.

**Convocatoria:** Búscanse voluntarias para participar na *performance* colectiva. Pódese solicitar participación mediante correo electrónico: [info@performa.gal](mailto:info@performa.gal)

cast.

A lo largo de la historia del arte las mujeres fueron expulsadas sistemáticamente de los libros; esto creó, durante muchísimo tiempo, una visión androcéntrica del arte que borró a muchas que merecen un lugar destacado en nuestras consciencias artísticas.

La sociedad cambia, pero a un ritmo muchas veces inapreciable, y en este camino, hubo artistas e intelectuales que se enfrontaron a lo establecido y perpetuado durante siglos y fueron abriendo caminos que otras continuaron.

*Womenhouse* es una *performance* de apariencia deliberadamente precaria que, dentro de un proyecto más extenso que incluye fotografía y escultura, interpela sobre los espacios íntimos de protección y de resistencia. Un lugar físico y mental preservado por los pensamientos de aquellas pioneras de la lucha feminista que escribieron los libros que protagonizan la acción. Unas publicaciones que construyen, alrededor de la cabeza de la artista, una zona de angustiosa defensa provocada por la seguridad que nos conceden las ideas que contienen esos libros y la responsabilidad, para una creadora posicionada como ella, de estar a la altura de todas esas reivindicaciones que la precedieron.

**Convocatoria:** Se buscan voluntarias para participar en la *performance* colectiva. Se puede solicitar participación mediante correo electrónico: [info@performa.gal](mailto:info@performa.gal)

# A artística

SÁBADO 10/06

20.00\_Parque de Bonaval

*Cando marche non vou pechar a porta*

Danza

Duración: 40 min

Entrada libre

gal.

A estas alturas podemos xogar coas décadas brincando entre as que palpitan no corpo e as que habitan nos currículums e así facer un rítmico abaneo: 60-30-60-30-60-30... y botar uns bailes ou unhas parrafadas ou uns cantos ou... «tomarlle unha».

A estas alturas das décadas que o corpo expresa na súa materialidade e no seu peso vital hai cuestións nas que as liñas divisorias (no caso de que existisen nalgún momento) entre «vida» e «oficio» comezan a esvaerse como se dunha peculiar presbicia se tratase, coa que o enfoque tórnase borroso, defectuoso.

Os límites, que cousa son? A estas alturas... que máis ten? Ou teñen algo de certo?

Sabemos que non imos ficar nun espazo eternamente, o acto de entrar ou saír, de chegar ou marchar é toda unha aventura. Deixar cousas inconclusas, deixar de dar explicacións co fin de fechar «algo» de acoutalo, non ter xa a necesidade de deixar pegada algunha, saberse marca que vai ser borrada polo mar e tomar a decisión: *Cando marche non vou pechar a porta.*

PLA

cast.

A estas alturas podemos jugar con las décadas saltando entre las que palpitan en el cuerpo y las que habitan en los currículums y así hacer un rítmico movimiento: 60-30-60-30-60-30... y echar unos bailes o unas charlas o unas canciones o... «tomarse una».

A estas alturas de las décadas que el cuerpo expresa en su materialidad y en su peso vital hay cuestiones en las que las líneas divisorias (en el caso de que existieran en algún momento) entre «vida» y «oficio» comienzan a desvanecerse como si de una peculiar presbicia se tratara, con la que el enfoque se volviese borroso, defectuoso.

Los límites, ¿qué son? A estas alturas... ¿qué mas da? ¿O tienen algo de cierto?

Sabemos que no vamos a quedarnos en un espacio eternamente, el acto de entrar o salir, de llegar o irse es toda una aventura. Dejar cosas inconclusas, dejar de dar explicaciones con el fin de cerrar «algo» de acotarlo, no tener ya la necesidad de dejar ninguna huella, saberse marca que va a ser borrada por el mar y tomar la decisión: *Cuando me vaya no voy a cerrar la puerta.*

TA

(Olga Cameselle  
e Alfredo Rodríguez)



# Olga Mesa

**gal.**

As cámaras non falan. Os corpos sí.

Todo o que ela vai facer «agora», xa sucedeu noutro lugar «antes». A súa danza de mans ten a súa orixe detrás/diante dunha cámara silenciosa.

**cast.**

Las cámaras no hablan. Los cuerpos sí.

Todo lo que ella va a hacer «ahora», ya sucedió en otro lugar «antes». Su danza de manos tiene su origen detrás/delante de una cámara silenciosa.

**DOMINGO 11/06**

**19.00\_SGAE**

***O vento, os reflexos, Ivanova e mais eu***

Encontro performativo e audiovisual  
Duración: 50 min

**Entrada libre ata completar aforo**



PLA

TA



**gal.**

Nesta paisaxe de visións na que principio e final se tocan, ela busca ese punto de montaxe invisible que fai da vida un plano secuencial eterno. Ela sabe desde hai tempo que para poder escribir esta historia vai necesitar unha pantalla cun ventilador e un anaco de tea brillante; un caderno cun micrófono, un computador e unha manta térmica de supervivencia. Ela vai necesitar tamén unha «mesa propia» e unha lámpada sobre un campo de profundidades.

Aquí non haberá banda musical, nin orquestra, nin decorado sofisticado, ou si?

Aquí, todo estará xa gravado. E esta vez ela non lle vai dar ao «REC» para comezar, esta vez daralle ao «PLAY» unha e outra vez...

**cast.**

En este paisaje de visiones en el que principio y final se tocan, ella busca ese punto de montaje invisible que hace de la vida un plano secuencial eterno. Ella sabe desde hace tiempo que para poder escribir esta historia va a necesitar una pantalla con un ventilador y un trozo de tela brillante; una libreta con un micrófono, un ordenador y una manta térmica de supervivencia. Ella va a necesitar también una «mesa propia» y una lámpara sobre un campo de profundidades.

Aquí no habrá banda musical, ni orquesta, ni decorado sofisticado, ¿o sí?

Aquí, todo estará ya grabado. Y esta vez ella no va a darle al «REC» para comenzar, esta vez le dará al «PLAY» una y otra vez...

# Plataforma de Economía Circular - SIGNUS

PLA

TA



**MARTES 13/06**

**16.00\_Fundación DIDAC**

Coa colaboración da  
EASD Mestre Mateo

Duración: 3 h

**Entrada libre ata  
completar aforo**

gal.

Plataforma quiere fomentar a economía circular e a sustentabilidade co apoio e a colaboración de SIGNUS - Sistema Integrado de Gestión de Neumáticos Usados, que traballa co obxectivo de lograr atopar novos usos e aplicacións para os materiais reciclados procedentes dos pneumáticos.

A esta aposta de Plataforma e SIGNUS súmase a EASD Mestre Mateo, que traballou facendo prototipos e deseñando modelos que serán presentados dentro do festival Plataforma e que tamén protagonizarán algunhas conversas específicas sobre esta materia desde o lado da comunicación —con **Elisa González Penas**— e os procesos —con **Juan Adrio**—, vicedirectora e director da EASD Mestre Mateo, respectivamente.

Os relatorios e a presentación e exposición dos prototipos realizaranse na Fundación DIDAC. Nas conversas participarán profesionais como **Gema Neira Surribas** —CEO da empresa Cholita, que se encarga de dar unha segunda vida aos plásticos e ao lixo—, **Inés Rodríguez** —CEO de RIR & Co, experta no traballo con materiais innovadores e sustentabilidade—; **David Barro**, director artístico de Madblue Summit e codirector de Plataforma e **Isabel López Rivadulla**, directora de Comunicación e Marketing de SIGNUS Ecovalor.

cast.

Plataforma quiere fomentar la economía circular y la sostenibilidad con el apoyo y la colaboración de SIGNUS - Sistema Integrado de Gestión de Neumáticos Usados, que trabaja con el objetivo de lograr encontrar nuevos usos y aplicaciones para los materiales reciclados procedentes de los neumáticos.

A esta apuesta de Plataforma y SIGNUS se suma la EASD Mestre Mateo, que ha trabajado realizando prototipos y diseñando modelos que serán presentados dentro del festival Plataforma y que también protagonizarán algunas de charlas específicas sobre esta materia desde el lado de la comunicación —con **Elisa González Penas**— y los procesos —con **Juan Adrio**—, vicedirectora y director de la EASD Mestre Mateo, respectivamente.

Las ponencias y la presentación y exposición de los prototipos se realizará en la Fundación DIDAC. En las conversaciones participarán profesionales como **Gema Neira Surribas** —CEO de empresa Cholita, que se encarga de dar una segunda vida a los plásticos y a la basura—; **Inés Rodríguez** —CEO de RIR & Co, experta en el trabajo con materiales innovadores y sostenibilidad—; **David Barro**, director artístico de MadBlue Summit y codirector de Plataforma e **Isabel López Rivadulla**, Directora de Comunicación e Marketing de SIGNUS Ecovalor.

 **SIGNUS**

**easd**  
mestre mateo

# Caterina Silva

**MÉRCORES 14/06**

**18:00\_SGAE**

***Eco di corpi futuri***

Instalación sonora / conferencia performativa

Duración: 40 min

Idea e realización: Caterina Silva

Composición musical: Andrea Koch

Esta presentación é parte dun *work in progress*

comisariado por Anna Cestelli Guidi

Co apoio do Italian Council - Direzione Generale

Creatività Contemporanea

Enti partner Fondazione MACTE, Termoli,

Plataforma Festival, Santiago de Compostela,

viaindustriae publishing, Foligno

**Entrada libre ata completar aforo**

**gal.**

*Eco di corpo futuri* é unha secuencia sonora, un ritual catártico, un intento de reescribir un período da historia italiana recente. Un coro de voces femininas pronuncia unha selección de declaracións públicas de políticos e homes de poder italianos relacionadas coa representación do universo feminino. A repetición destas frases obscenas convértese nun xeito de exorcizar a violencia e a indignación sufrida. A voz absorbe, elabora, reverbera, volve como fonte, rocha, furacán, montaña. E devólvenos o poder dunha voz plural que fala unha nova linguaxe coa que imaxinar e conformar un posible futuro.

**cast.**

*Eco di corpo futuri* es una secuencia sonora, un ritual catártico, un intento de reescribir un período de la historia italiana reciente. Un coro de voces femininas pronuncia una selección de declaraciones públicas de políticos italianos y hombres de poder relacionados con la representación del universo femenino. La repetición de estas frases obscenas se convierte en una forma de exorcizar la violencia y el ultraje sufrido. La voz absorbe, elabora, reverbera, vuelve como fuente, roca, huracán, montaña. Y nos devuelve el poder de una voz plural que habla un nuevo lenguaje con el que imaginar y dar forma a un futuro posible.



# Hugo Torres

**MÉRCORES 14/06**

**20.00\_SGAE**

**Baía Botánica**

Conferencia performativa

Duración: 60 min

**Entrada libre ata completar aforo**

**gal.**

Hai dous anos Hugo Torres descubriu un aparato que lle permite traducir a pulsación vital das plantas en linguaxe musical. Agora decidiu falar con elas e escoitar o que teñen que dicirlle.

*Baía Botánica* é unha conversación entre dúas especies, unha experiencia sónica entre un ser animal que busca atopar o seu lugar no mundo e un ser vexetal que soamente busca o sol e a felicidade.

**cast.**

Hace dos años Hugo Torres descubrió un aparato que le permite traducir la pulsación vital de las plantas en lenguaje musical. Ahora decidió hablar con ellas y escuchar lo que tienen que decirle.

*Bahía Botánica* es una conversación entre dos especies, una experiencia sónica entre un ser animal que busca encontrar su lugar en el mundo y un ser vegetal que solamente busca el sol y la felicidad.

PLA

TA



FOR

MA

# Marc Vives

PLA

TA

**gal.**

*A festa* é unha peza en formato escénico que toma como punto de arranque unha conferencia de Roger Caillois do 1939 con título homónimo. Fragmentos do devandito texto, a súa lectura e relectura en voz interior e exterior, a procura dun lugar dentro do espazo, unha postura que propón unha emisión de voz, ou un movemento que resultará ser un ritmo percutido son algúns dos disparadores para achar a formulación improvisada dunha serie de cánticos. As frases son deglutidas, incorporadas e devoltas de maneira sintética e fragmentada a través da voz e certa xestualidade sincopada. As frases toman novas corporeidades despegadas do seu referente orixinal. O ritual consiste en repetir este acontecemento unha e outra vez, con outras frases que chaman a labrar melodías descoñecidas desde a suor e o esforzo. O obxectivo non é outro que tratar de vencer unha temporalidade e converter todo nun continuo. O contido performático da peza, bebe de maneira velada de tradicións vocais de diversas procedencias e segue na procura e incorporación de vínculos reais da festa ancestral en territorio mediterráneo.

**cast.**

*La fiesta* es una pieza en formato escénico que toma como punto de arranque una conferencia de Roger Caillois de 1939 con título homónimo. Fragmentos de dicho texto, su lectura y relectura en voz interior y exterior, a la búsqueda de un lugar dentro del espacio, una postura que propone una emisión de voz, o un movimiento que resultará ser un ritmo percutido son algunos de los disparadores que encontrar la formulación improvisada de una serie de cánticos. Las frases son deglutidas, incorporadas y devueltas de manera sintética y fragmentada a través de la voz y cierta gestualidad sincopada. Las frases toman nuevas corporeidades despegadas de su referente original. El ritual consiste en repetir este acontecimiento una y otra vez, con otras frases que llaman a labrar melodías desconocidas desde el sudor y el esfuerzo. El objetivo no es otro que tratar de vencer una temporalidad y convertir todo en un continuo. El contenido performático de la pieza, bebe de manera velada de tradiciones vocales de diversas procedencias y sigue en la búsqueda e incorporación de vínculos reales de la fiesta ancestral en territorio mediterráneo.

**XOVES 15/06**

**18.00 CGAC**

***A festa***

*Performance*

Duración: 60 min

**Entrada libre ata  
completar aforo**

FOR

MA

33

32

# Cristina Balboa

**XOVES 15/06**

**20.00\_CGAC**

**Roland I feel you**

*Performance*

Duración: 40 min

**Entrada libre ata  
completar aforo**

**gal.**

*Roland, I feel you* é unha acción performativa que fusiona palabra, música e movemento. Está concibido como un monodrama de desexo e música desde o gozo, a composición en tempo real, a intuición musical e a relación co público.

«Roland é un instrumento para o amor. Roland son eu, que o acendo e ti que les isto. Roland é un facilitador de encontros, unha necesidade absoluta de comunidade e afectos. Roland é unha ferida aberta, un conflito coa vida, unha contradición perpetua e unha procura de amor infinito. Roland é unha viaxe sonora entre o emocional do presente e o goce creativo co fin de compartirmos, de xerar complicidades e identificación, de recoñecernos como parte dun colectivo e achegar a nosa valiosa fragilidade.»

**cast.**

*Roland, I feel you* es una acción performativa que fusiona palabra, música y movimiento. Está concebido como un monodrama de deseo y música desde el disfrute, la composición en tiempo real, la intuición musical y la relación con el público.

«Roland es un instrumento para el amor. Roland soy yo, que lo enciendo y tú que lees esto. Roland es un facilitador de encuentros, una necesidad absoluta de comunidad y afectos. Roland es una herida abierta, un conflicto con la vida, una contradicción perpetua y una búsqueda de amor infinito. Roland es un viaje sonoro entre lo emocional del presente y el goce creativo con el fin de compartirmos, de generar complicidades e identificación, de reconocernos como parte de un colectivo y aportar nuestra valiosa fragilidad.»

# Akazie DJ

**XOVES 15/06**

**23.00\_Riquela Club**

Duración: 60 min

**Entrada libre**

**gal.**

Akazie é o nome baixo o que a artista Acacia Ojea (Vigo, 1994) exerce como DJ e selectora de contido musical maioritariamente enfocado na escena postclub, cun grande interese nos discursos máis próximos á música deconstruída e o ruído. Despois de estudar música clásica, graduarse en Belas Artes e especializarse en cinema experimental e electroacústica, Acacia desenvolve transversalmente proxectos vinculados ás artes sonoras e á linguaxe fílmica a través dun achegamento conceptual e investiga ao redor do impacto da dixitalización nas novas prácticas de música contemporánea e da arte intermedia.

**cast.**

Akazie es el nombre bajo el que la artista Acacia Ojea (Vigo, 1994) ejerce como DJ y selectora de contenido musical mayoritariamente enfocado en la escena postclub, con un gran interés en los discursos más próximos a la música deconstruida y el ruido. Después de estudiar música clásica, graduarse en Bellas Artes y especializarse en cine experimental y electroacústica, Acacia desarrolla transversalmente proyectos vinculados a las artes sonoras y al lenguaje fílmico a través de un acercamiento conceptual e investiga alrededor del impacto de la digitalización en las nuevas prácticas de música contemporánea y del arte intermedio.

PLA

TA



# SANTIAGO DE COMPOSTELA

05.06-15.06.2023

MERY PAIS  
ANTÓN REIXA  
BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA  
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA  
ANA GESTO  
FEDERICO VLADIMIR  
E PABLO LILIENFELD  
FRANÇOISE VANNERAUD  
VERÓNICA RUTH FRÍAS

A ARTÍSTICA (OLGA GAMESELLE  
E ALFREDO RODRÍGUEZ)  
OLGA MESA  
PLATAFORMA DE ECONOMÍA CIRCULAR  
CATERINA SILVA  
HUGO TORRES  
MARC VIVES  
CRISTINA BALBOA  
AKAZIE DJ

